

## APROXIMACION Á TRAXECTORIA ARTISTICA DE JOSÉ LEYRA DOMÍNGUEZ

### SÍNTESE BIOGRÁFICA:

Nace en Ferrol o día 6 de maio de 1912.

Aprende as primeiras letras no Colexio de Dona Rosario Revestido (rúa Frutos Saavedra nº 78, hoxe María). Máis tarde estudia no Colexio do Sagrado Corazón, á fronte do cal estaba D. Manuel Comellas Coimbra. Tras realiza-lo exame de ingreso no Instituto da Guarda (A Coruña), comeza a carreira de Comercio, obtendo ós 19 anos a titulación de Profesor Mercantil. Logo, na Escola Normal de Lugo, consegue a de Maxisterio. A súa formación académica completárase ó licenciarse en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

No 1934 contrae matrimonio con Josefina Faraldo Alcalde; desa unión nacerán os seus fillos José Manuel e Angel María.

Durante toda a súa vida compaxinará o seu despacho de avogado coa súa actividade docente, formando a varias xeracións de ferroláns, desempeñada en múltiples centros privados da cidade (Academia Dafonte, Colexio Cristo Rey, Academia Minerva, Jorge Juan, Vall-Inclán, etc.).

Por un tempo, a comezos dos anos trinta, mentres vive en Madrid, onde alí proclamárase a II República, visita a callosos museos da capital. Alí traba amizade con Camilo José Cela. O seu amor pola arte e a sabiduría serán unha constante toda a súa vida.

Ó longo de moitos anos foi un dos puntos de referencia na vida cultural e artística de Ferrol. No 1956 funda a Asociación de Artistas Ferroláns. Foi nomeado socio de honra da Sociedade Artística Ferrolá (1979). Tamén foi presidente de honra da Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega. Boa parte dos seus quefaceres intelectuais víronse recompensados oficialmente ó ser elixido membro correspondente da Real Academia Galega (1951) e numerario da de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario (1978).

Nos seus escritos e conferencias empregou, indistintamente, o castelán e o galego, sendo un gran defensor e divulgador da cultura galega, que coñecía con profundidade asombrosa.

Entre os seus amigos do mundo da cultura podemos citar a: Ramón Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Ánxel Fole, Luis Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Agustín Sixto Seco, Manuel Chamoso Lamas, Carlos Martínez-Barbeito y Morás, Ricardo Carballo Calero, Felipe Bello Piñeiro, Víctor Macho, Ramón María Aller, Paulino Pedret, etc.

No 1987 falece a súa muller.

O seu pesimismo antropolóxico levoulle a ser un gran coñecedor do pensamento de Schopenhauer. Tamén admirou notablemente a D. Miguel de Unamuno. Ó longo da súa vida reencontrouse coa fe cristiá dos seus maiores e dentro dela faleceu en Ferrol o día 31 de Decembro do 1997.

### RELACIÓN DAS EXPOSICIÓNS MAIS DESTACADAS :

#### INDIVIDUAIS

Marzo 1946 Casino Ferrolán ( Ferrol)  
Ano 1950 Casino Ferrolán ( Ferrol)  
Ano 1952 Asociación de Artistas da Coruña ( A Coruña)  
Outubro 1957 Círculo das Artes de Lugo ( Lugo)  
Marzo 1967 Salón Villar Foto ( Ourense)  
Outubro 1991 Galería Museum ( Ferrol )

#### COLECTIVAS

Xullo 1943 Escola Elemental do Traballo ( Ferrol )  
Ano 1947 Asociación de Artistas da Coruña.  
"Exposición del Mar" (A Coruña)  
Maio 1948 Salón do Casino de Vigo.  
"Exposición de artistas de la provincia de La Coruña" ( Vigo )  
Decembro 1951 Santiago de Compostela  
Marzo 1952 Casino Ferrolán ( Ferrol)  
Agosto 1954 Instituto Rosalía de Castro.  
"Exposición de Arte Gallego Contemporáneo" ( Santiago de Compostela )  
Outubro 1955 Casino Ferrolán (Ferrol)

### BREVE ANTOLOXÍA DE CRÍTICAS:

*"... el mar de fuera, el recio mar del Atlántico, el reproducirlo ha sido algo vedado a los apacibles artistas que pintan en las orillas de nuestro lago ferrolano, nuestro mar interior. Pero Ferrol, como una moneda, tiene dos caras. Una ya la he explicado. La otra es la costa brava. El motivo es interesante y trataron de plasmarlo varios pintores. (...) Hay una pintura en la obra de Leyra, cuyo cuadro creo que se titula 'Marejada', en que la expresión del mar aparece en toda su grandeza; divinamente comprendido el ritmo de andante maestoso de la marejada ada del mar de fondo. (...) Aparece la 'mar de fuera'. Sorda en su rabia, amenazadora, y siempre murmurante, estrellándose al pie de la costa verdesciente. Por primera vez en la pintura ferrolana se ha comprendido el sentido del mar de fuera".*

**Felipe Bello Piñeiro. 1946**

*"Quien ahora deja volar su alma sobre las cuartillas, tiene ante su vista tres óleos de José Leyra: el mar azul, la ría verdiazul, el río verde como la esmeralda y apacible como una novicia de catorce años. (...) José Leyra Domínguez, galandriña de ala delicadísima de la pintu-*

*ra, vigilante lince de la amistad, entra en nuestro corazón como hermano o como idéntica sangre, hierático y seguro, caminante de las cien latitudes y los cuatro puntos de la sabiduría (...). Ante los tres cuadros de Leyra que me ayudan a no morir de resignación -la peor de las muertes- pienso, no sé por qué, en aquel impresionista francés que definió su manera de pintar con unas palabras agudas como saetas: - Si sale, sale; si no sale, hay que volver a empezar; todo lo demás son fantasías".*

**Camilo José Cela. 1946**

*"Entre los méritos de Leyra Domínguez figura el de buscar el realismo de las cosas, no por su reproducción fiel y exacta del espacio, sino por teñirlas de un sentido poético, que les da un realismo nuevo. 'Val de Aranga', por ejemplo, tiene todo el valor realista de un paisaje de tierra adentro, pero en la acertada conjunción de los colores nace un sentido idealista, del que gustaba Ovidio Murgía para sus paisajes coruñeses".*

**José Trapero Pardo. 1957**

ALGUNHAS DAS SÚAS CONFERENCIAS MÁIS DESTACADAS:

"Impresiones en torno de algunos momentos ecuménicos de Galicia". (Ferrol, 25 de abril de 1952. Casino).

"Visión emocional del paisaje y del arte pictórico gallego". (Lugo, 9 de novembro de 1957. Instituto Rosalía de Castro).

"Las supersticiones en Galicia". (Ferrol, xuño de 1960. Instituto Masculino).

"Visión de Galicia a través de la generación del 98". (Ferrol, maio de 1961. Círculo Mercantil e Industrial).

"Iniciación y fomento del resurgimiento cultural gallego". (Ferrol, 12 de maio de 1963. Local social de los Antiguos Alumnos de la Salle).

"Constante histórica de Galicia a través del tiempo". (Ferrol, xuño de 1963. Club Galicia de Caranza. Sociedad Cultural, Deportiva y Recreativa).

"De Altamira a Pablo Picasso". (Ferrol, 6 de febreiro de 1965. Casino).

"Bello Piñeiro y su tiempo". (A Coruña, 30 de agosto de 1966. Asociación de Artistas).

"Visión estelar de la pintura gallega". (Mugardos, 9 de abril de 1968. Casino).

"Breve inventario de documentos, hechos y datos (pro y contra) en torno a la teoría de la nacionalidad gallega de Cristóbal Colón". (Ferrol, 27 de abril de 1968. Club Galicia de Caranza. Sociedad Cultural, Deportiva y Recreativa).